

## 5º PRIMARIA


### CIENCIAS SOCIAIS

Bo día, esta semana imos repasar o Tema 3: "O clima no mundo". Para iso tes que axudar a unha amiga e así preparar os mapas do tempo para esta semana. Estás preparado? Pois imos empezar. Lembra que encontrarás todo en Edixgal ou no libro.


Coñeces a Vaiana? Ten ganas de saír ao mar para divertirse un pouco, pero non sempre está o día e o mar en bo estado.



Para empezar Vaiana encontrou uns aparellos pero non sabe para que valen. Como podes ver cada un ten o seu nome pero, podes explicar para que se emprega cada un deles?



A Terra está formada por distintas capas, pero podes explicar que acontece en cada unha delas? Se queres podes facer debuxos. Engade no seguinte debuxo o tamaño de cada unha das capas.



A Vaiana faláronlle do **efecto invernadoiro** e do **protocolo de Kioto**. Pero non entende nada. Podes explicarllo ti coas túas palabras? Seguro que así o entende.




Clima? Tempo atmosférico? Non son o mesmo?  
Non entendo nada.

Parece que Vaiana aínda se fai un lío con tanta terminoloxía. Saberías explicar que diferenzas hai entre clima e tempo atmosférico?

Parece que as cousas xa están un pouco máis claras, non si? Pois entón seguimos. Si te lembrás do tema hai varios factores importantes que inflúen sobre o tempo. Explica cada un deles.

E unha cousa máis. A Terra ten distintas zonas con características diferentes. En liñas xerais dividimos a Terra en varias partes mediante liñas imaxinarias e a cada zona correspóndelle un clima diferente (cálido, temperado e frío). Isto dá lugar a distintos climas na Terra. Colorea o mapa da páxina seguinte segundo os distintos climas. Colorea e pon os nomes no seguinte debuxo, e pon tamén os nomes das liñas imaxinarias.





Agora creo que xa estás preparado para facer as túas predicións do tempo. Para iso recorta os seguintes símbolos, mira que tempo hai cada mañá cando te levantes e prepara os teus propios mapas do tempo en Galicia.



